

Estimado profesorado de Ciencias Xerais:

Dende o grupo de traballo de Ciencias Xerais da CiUG, a raíz das consultas recibidas e tralas reunións mantidas cos representantes dos grupos de traballo das restantes Comunidades Autónomas, queremos informaros dos seguintes aspectos:

1. O novo modelo de exame consta de catro preguntas, puntuadas cada unha con 2,5 puntos. A primeira pregunta estará baseada na lectura dun texto, sobre o que se formularán unha serie de cuestións de resposta obrigatoria. A resolución destas cuestións non se limitará á lectura comprensiva do texto, senón que o alumnado deberá ser quen de relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos. As tres preguntas restantes terán unha primeira parte de resposta obrigatoria e unha segunda parte con posibilidade de elección entre dous apartados.
2. Haberá unha representación de todos os bloques ao longo do exame, procurando que todos teñan o mesmo peso.
3. Cada pregunta (incluída a primeira) pode conter cuestións dun ou máis bloques, en calquera combinación posible. No encabezamento de cada pregunta indicárase o bloque ou bloques nos que se encadran as distintas cuestións formuladas.

Ademais, no grupo de traballo somos conscientes da dificultade de afondar en todos os contidos da materia (Decreto 157/2022, de 15 de setembro). O documento actualizado de orientacións que se pode atopar na páxina web da CiUG pretende servir de guía na que se concreten os saberes básicos correspondentes a cada bloque, de maneira que facilite a planificación da docencia por parte do profesorado, así como unha avaliación en consonancia cos contidos e habilidades adquiridas polo alumnado.

Dende o grupo de traballo agradecemos a axuda recibida a través das vosas suxestións e quedamos á vosa disposición para resolver as dúbidas que poidan xurdir.

Un cordial saúdo,

O Grupo de Traballo de Ciencias Xerais